



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

iNFORMA

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com

Setembro 2010

NOVA NORMATIVA SOBRE O RECOÑECIMENTO, CONTROL E SEGUIMENTO DAS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL (IT) PARA O PROFESORADO ADSCRITO A MUFACE

CAMBIOS NAS BAIXAS MÉDICAS PARA O FUNCIONARIADO DE MUFACE

O 1 de xullo de 2010 publicouse no BOE a Orde PRE/1744/2010 de 30 de xuño sobre recoñecemento e control das baixas médicas no ámbito dos funcionarios civís do Estado. Esta orde afecta a todas as administracións públicas en relación ao persoal funcionario adscrito a MUFACE e introduce unha serie de novidades ao respecto das licenzas por enfermidade. A orde contén así mesmo diferentes anexos cos modelos oficiais a empregar para os partes médicos e as solicitudes de licenza por IT.

Con respecto ao profesorado do Réxime Xeral da Seguridade Social (persoal docente do ensino público que non pertence a MUFACE, isto é, profesorado interino e substituto, profesorado de relixión e algúns colectivos reducidos de funcionarios procedentes doutras administracións que mantiveron no seu traspaso á Consellaría de educación a adscrición ao réxime xeral) non se produce ningún cambio sobre a situación actual.

A CIG-Ensino dirixiuse xa á Consellaría de Educación para que modifique a Circular 3/2003 que as distintas delegacións provinciais enviaran aos centros docentes con instrucións sobre as baixas por IT, adaptándoa á nova normativa.

Resumimos a continuación as cuestións principais a ter en conta con respecto á xestión da IT.

PARTE MÉDICO INICIAL

O parte médico inicial expedirase antes do 4º día hábil desde o comezo da situación que dá lugar á IT, risco durante o embarazo ou durante a lactación natural.

SOLICITUDE DA LICENZA

Non máis alá do 4º día o mutualista en-

treará ao órgano de persoal que corresponde aos exemplares dos partes médicos para o órgano de persoal e para MUFACE. (Na actualidade a circular 3/2003 das respectivas delegacións da Consellaría de Educación indica que ese órgano de persoal será a dirección dos centros educativos, desde onde se tramitará toda a documentación á sección de persoal de cada Xefatura Territorial).

PARTES DE CONFIRMACIÓN DA LICENZA POR IT

O primeiro parte de confirmación expedirase, con carácter xeral, aos quince días naturais contados a partir da data do parte médico inicial. Os sucesivos partes de confirmación expediranse cada quince días naturais contados desde a data inmediatamente anterior. Estes partes sucesivos tamén terán que ser entregados perante o órgano de persoal no prazo máximo de 3 días hábiles desde a data de recoñecemento médico que dá lugar ao parte de confirmación.

INFORME ADICIONAL DE RATIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE PRÓRROGA DE I.T.

O parte de confirmación no que se compra o 10º mes desde o inicio da I.T. deberá ir acompañado dun informe médico adicional de ratificación no que deberá constar a presunción médica de que:

- o mutualista poderá ser dado de alta antes de se cumpríren 545 días naturais desde o inicio da IT, ou ben que
- se trata dun proceso que podería cualificarse de incapacidade permanente. Neste caso a Consellaría deberá solicitar o correspondente exame ao equipo ou unidade de valoración de incapacidades (EVI) que co-



responda.

O informe médico de ratificación será tamén trasladado por MUFACE ás unidades médicas de que dispoña para que estas realicen un recoñecemento do mutualista antes de se cumprir o prazo de 365 días naturais desde o inicio da IT.

INFORME ADICIONAL DE RATIFICACIÓN PREVIO Á EXTINCIÓN DA SITUACIÓN DE IT.

O parte de confirmación no que se compra o 16º mes desde o inicio da IT deberá ir acompañado dun informe médico adicional de ratificación no que:

- se xustifique a necesidade de manter a IT, ou ben
- se indique que se trata dun proceso que podería cualificarse de incapacidade permanente.

Este informe será trasladado por MUFACE ás Unidades Médicas de Seguimento das que dispoña para realizar un recoñecemento ao mutualista antes do prazo de 545 días naturais de licenza por enfermidade. Unha vez transcorrido este prazo dos 545 días naturais a Consellaría terá que iniciar de oficio o procedemento de xubilación por incapacidade permanente.

Transcorridos 730 días naturais desde o inicio da IT o médico deberá emitir o parte de alta.

CONCESIÓN DA LICENZA POR IT.

A concesión de licenza por IT e as súas correspondentes prórrogas correspóndelle ao órgano de persoal, quen en virtude de informes de recoñecemento solicitados, poderá declarar a extinción da licenza, debendo o mutualista incorporarse ao posto de traballo.

En caso de denegación da licenza por IT o mutualista poderá solicitar a MUFACE unha valoración nun prazo máximo de 10 días hábiles desde a denegación, sen que se suspendan os seus efectos.

PARTE MÉDICO DE ALTA

Será expedido polo médico dependente da Entidade Médica ou do SERGAS ao que figure adscrito o mutualista, debendo presentarse perante o órgano de persoal (actualmente a dirección dos centros educativos) antes do remate do día hábil seguinte á súa expedición.

DURACIÓN, PRÓRROGAS E RECAÍDA DUNHA IT.

- Iníciase un novo proceso patolóxico cando a patoloxía non garda relación directa co proceso anterior.

- Cada proceso patolóxico supón o inicio dunha nova IT. Os períodos de recaída compúntanse ao efectos da súa duración máxima.

- Existe recaída (e non comezo dunha nova situación de IT) cando dentro do prazo de 180 días naturais desde o remate da anterior licenza se volva precisar estar incapacitado para o servizo como consecuencia dunha patoloxía derivada da anterior IT.

SUBSIDIO POR IT

Ao inicio do 4º mes de licenza déixanse de percibir as retribucións complementarias e comeza a cobrarse o subsidio económico de MUFACE. As retribucións complementarias liquidaranse por días durante o mes no que finalice o período de 3 meses de IT por

parte da Consellaría. O subsidio de MUFACE pode solicitalo o mutualista directamente a MUFACE ou a través da propia Consellaría. Para este subsidio empréganse como referencia os datos relativos as retribucións do mutualista ao inicio do 3º mes de licenza. Durante os meses posteriores ao inicio da IT é o propio órgano de persoal quen lle comunica a MUFACE as prórrogas da concesión da licenza.

O cálculo do subsidio non se modifica nesta orde, manténdose como até agora:

A partir do cuarto mes as retribucións básicas seguen a cargo da Consellaría e iníciase o pago dun subsidio de incapacidade temporal por parte de MUFACE, consistente na mellor das dúas situacións seguintes:

- 80% das retribucións básicas (soldo e trienios) + 1/6 da paga extra correspondentes ao terceiro mes de licenza.

- 75% das retribucións complementarias percibidas no terceiro mes de licenza.

A suma das retribucións básicas e do subsidio non poderá ser superior á cantidade percibida no terceiro mes de baixa. O importe das retribucións mantense fixo durante a baixa, malia as modificacións que puidesen corresponder por modificacións en concepto de antigüidade, etc.

O subsidio extingüese unha vez transcorrido o tempo máximo de IT (18 ou 24 meses).

A situación de risco durante o embarazo ten o mesmo tratamento que a incapacidade temporal.

SITUACIÓNS DE RISCO DURANTE O EMBARAZO E A LACTACIÓN NATURAL.

Estas situacións de risco documéntase mediante os informes e certificados seguintes:

- Informe do médico dependente da Entidade Médica ou do SERGAS onde figure adscrita a mutualista no que figure a data probábel do parto.

- Informe do servizo de prevención co-



respondente ao posto de traballo da mutualista facendo constar se concorren ou non causas que poidan influír negativamente na súa saúde ou na do feto ou lactante.

PARTE DE BAIXA POR RISCO DURANTE O EMBARAZO E A LACTACIÓN NATURAL

Nos tres primeiros meses de licenza expedírase, con carácter xeral, un único parte de baixa.

A Consellaría poderá conceder ou denegar a licenza. No caso de concedela deberá declarar que non procede un cambio de posto de traballo.

PARTE DE MATERNIDADE

A mutualista achegará ao órgano de persoal o parte médico de maternidade dentro dos catro días hábiles seguintes ao parto ou ao comezo do descanso, no caso de se iniciar con anterioridade ao parto.

Transitoriamente, e até que MUFACE dispoña no BOE a utilización dos novos partes médicos, poderán usarse os actuais.

Normativa legal

Orde PRE/1744/2010 de 30 de xuño, pola que se regula o procedemento de recoñecemento, control e seguimento das situacións de IT, risco durante o embarazo e risco durante a lactación materna no Réxime Especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado. (BOE de 1 de xuño de 2010)

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
15706. Santiago de Compostela.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
15007. A Coruña
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

Avda de Galicia 20, 1º
27700. Ribadeo
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com